



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE AS NOGAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral formalizou coa entidade local de As Nogais o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue tres (3) meses dende a súa sinatura (7/8/2018).

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de AS NOGAIS na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo. En concreto a Consellería de Medio Rural financiará os custes de persoal nos que incorra a entidade local pola operatividade do vehículo motobomba.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes que establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

SEGUNDO.- Os Concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, competencias en materia de protección do Medio Rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios.





TERCEIRO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado; tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas; senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

CUARTO.- A Xunta de Galicia prestaralles a súa colaboración ás entidades locais para a prevención e extinción de incendios, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico, segundo o disposto no artigo 59.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

QUINTO.- As administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 3/2007.

SEXTO.- As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

SÉTIMO.- Os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia e require o compromiso de todas as administracións, en particular a autonómica e local e do conxunto da cidadanía. A colaboración entre a administración autonómica e local pódese levar a cabo mediante a actuación de vehículos motobomba dos Concellos convenientemente equipados, conforme aos requirimentos esixidos no anexo I. Esta colaboración, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, xa que, por unha banda, os medios deben estar dispoñibles e integrados no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) ao inicio da época de perigo alto, polo que se requiren procedementos administrativos da máxima axilidade; e por outra, dado que a longa experiencia acumulada polo SPDCIF na defensa contra os incendios forestais e o contacto directo entre os Distritos Forestais e os Concellos que neles se emprazan, fai que o SPDCIF coñeza perfectamente cales son os Concellos con vehículos motobomba que cumpren cos requirimentos do anexo I.

OITAVO.- Na tramitación deste convenio tivéronse en conta os requisitos establecidos no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

